

Mulleres pacifistas de 25 países estarán en Madrid este febreiro de 2013, para analizar e debater sobre a situación actual e os retos para a consecución dunha paz desarmada e con xustiza, mediante a defensa da democracia e os dereitos humanos, a promoción da xustiza económica, o desarmamento, a soberanía alimentaria e a defensa do planeta, actuando a nivel local e global.

A organización pacifista feminista máis veterana no ámbito internacional, a Liga Internacional de Mulleres pola Paz e a Liberdade (WILPF) acollerá durante tres días a 90 mulleres de distintas ideoloxías, estatus e crenzas. Tratarán a presenza, achegas e incidencia das redes internacionais de mulleres na defensa dun Tratado sobre o Comercio de Armas; a crise multidimensional que está a afectar a Europa, e a importancia de pensar en que mundo queremos vivir.

Como non podía ser doutra maneira, nas redes sociais está moi presente o feminismo, e neste caso cunha iniciativa chamada "12 causas para un 2013 menos machista". Proposta na páxina de Facebook de Especialistas en Igualdade, busca aunar esforzos de asociacións, páxinas, grupos e persoas que apostan por un futuro máis xusto, así como que todas as organizacións feministas se unan para visibilizar de forma coordinada, cada unha ao seu xeito, unha parte da mensaxe de desigualdade latente na sociedade. Con moita participación e debate elaborouse un listado por meses e fixéronse outras tantas propostas máis: violencia simbólica, paternidade corresponsable, ecofeminismo, violencia económica, institucional, coeducación... http://www.facebook.com/note.php?saved¬e_id=447521068645322

Para ler...

Matriarcas. Mulleres en pé de vida
Montse Fajardo.
Concello de Vilagarcía.



Recolle as testemuñas de dez mulleres galegas de entre os 65 e os 103 anos que pouco teñen en común á marxe da forza coa que sacaron adiante ás súas familias na Galicia da postguerra; a fame ou a emigración son elementos comúns que axudan a facerse unha idea global desa época. Foron escollidas procurando abranxer un espectro moi diferente para plasmar a historia de mulleres de distintos puntos de Galicia que, contando a súa vida, destripan a realidade do matriarcado que sostíña a sociedade galega da posguerra. Casos moi representativos desas mulleres que foron as grandes esquecidas do seu tempo e ás que *Matriarcas* pretende dar voz.

En vías de extinción

María Reimóndez
Edicións Xerais de Galicia



Gaia, unha moza galega, feminista e nacionalista, con orixes no rural e cunha forte personalidade, inicia unha relación cunha cantante famosa. A prensa perturba a súa rutina, mais ela procura o xeito non só de preservar a súa privacidade, senón de facer chegar á sociedade o seu pensamento contrahexamónico. Cunha estrutura se cadra un pouco máis complexa que a dos libros anteriores da autora, *En vías de extinción* vains conducindo pola historia de Gaia, que é en si mesma un convite a superar os lindes estreitos nos que moitas veces queren enmascarnos.

Xardín de Inverno

Ledicia Costas
Everest



Xardín de Inverno nace do drama da morte. A partir da perda, empréndese un intenso percorrido por distintos escenarios cargados de símbolos. É unha viaxe introspectiva cara ao lugar máis puro e máis desolador: o propio eu. Como superar a dor da ausencia? A obra vai tecendo os fíos necesarios para soste a alma cando está a piques de se precipitar ao baleiro máis absoluto. *Xardín de Inverno* é un canto ao recordo, á permanencia dos seres queridos máis alá da morte.

Para escoitar...

Cantigas de mulleres - Dirección artística de Uxía, Cantigas de Mulleres é unha selección das mellores voces femininas da escena galega e unha mostra do grande talento e da calidade das nosas artistas.



Rapoemas de AID - AID é Aída Alonso Igrexas, unha xoven viguesa exprofesora de instituto, que canta en galego porque "lle sae de dentro" e pola "rima fácil" e que tivo a impresionante idea de rapear poemas clásicos galegos: Rosalía, Curros Enríquez, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro,...



Está claro que a loita das mulleres non cesa; a loita feminista pola xustiza social, pola igualdade de oportunidades, pola democracia... segue vixente, de rabiosa actualidade. Tristemente constatámolo en declaracións tan sorprendentes como as do ministro de xustiza Gallardón, que asegura "que se vive nunha violencia estrutural que obriga ás mulleres a abortar; a liberdade de escoller ter un fillo é o que fai ás mulleres auténticamente mulleres" e nas que se escuda para reformar a Lei do Aborto; ou como as do deputado da UpyD Toni Cantó, membro da Comisión de Igualdade do Congreso, cando asegura que "a maioría das denuncias por violencia machista son falsas". En que se basean para afirmar iso? Que rigor teñen estas afirmacións? Por que atacan tan abertamente a loita pola igualdade e contra a violencia de xénero? Están alentando a maltratadores, misóxinos,... a parte máis patriarcal e regresiva da sociedade. Absolutamente intolerable.

Para ver...

"La educación prohibida"
Germán Dorín

La Educación Prohibida é unha película documental que se propón cuestionar as lóxicas da escolarización moderna e a forma de entender a educación, visibilizando experiencias educativas diferentes, non convencionais, que formulan a necesidade dun novo paradigma



educativo. É un proxecto realizado por mozos que partiron desde a visión de quen aprende e se embarcaron nunha investigación que cobre 8 países, realizando entrevistas a máis de 90 educadores de propostas educativas alternativas. A película foi financiada colectivamente grazas a centos de coprodutores e ten licenzas libres que permiten e alentan a súa copia e reprodución. Pretende alimentar e disparar un debate e reflexión social acerca das bases que sosteñen a escola, promovendo o desenvolvemento dunha educación integral centrada no amor, o respecto, a liberdade e a aprendizaxe.

"A Condesa Rebelde"
Zaza Ceballos



Conta a vida de Emilia Pardo Bazán, unha muller intelectual, escritora, xornalista e crítica literaria, introdutora do naturalismo nas letras hispánicas.

"Las Constituyentes"
Oliva Acosta

Documental sobre as 27 mulleres, deputadas e senadoras, que dende o seu traballo parlamentario na lexislatura constituinte de 1977, foron protagonistas do cambio político cara á democracia no estado español



"Admirando a Condición de Sés"

Sés é o proxecto musical da cantautora coruñesa María Xosé Silvar: ritmos americanos repensados en galego e en feminino, letras escritas a conciencia e unha actitude enérxica e independente enriba e debaixo do escenario.



Informa

marzo 2013 Nº 3

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia

Dep. Legal: OU 60/97



Manifeso 8 marzo 2012
"Os dereitos das mulleres son dereitos humanos"

Material coeducativo
Información sobre o calendario "Mulleres no tempo, tempo de mulleres", actividades para o 25 de novembro e 8 de marzo e sobre as exposicións que temos para Infantil, Primaria e Secundaria

Colaboración
O papel dal mulleres nas ANPAS

Marcha Mundial das Mulleres
En marcha, tamén, este marzo de 2013

LOMCE: Retroceso brutal en igualdade

O actual goberno está elaborando unha nova lei de educación que fai chamar LOMCE e que supón un grave retroceso en igualdade de oportunidades e coeducación

De MEL e FEL Para ver

- La educación prohibida
- A condesa rebelde
- Las Constituyentes

Para ler

- Matriarcas: Mulleres en pé de vida
- En vías de extinción
- Xardín de Inverno

Para escoitar

- Cantigas de mulleres
- Rapoemas de AID
- Admirando a Condición de Sés

LOMCE: RETROCESO BRUTAL EN IGUALDADE

O actual goberno está elaborando unha nova lei de educación que fai chamar LOMCE: Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa, e que supón un grave retroceso en igualdade de oportunidades e coeducación. Redactada nunha linguaxe totalmente sexista, prima a instrución fronte á formación en valores e facilita abertamente a educación segregada por sexos nunha clara pretensión de diferenciar a educación que reciben nenas e nenos.

O borrador **incumpre** a Lei de Igualdade, que no seu TÍTULO II sobre Políticas Públicas para a Igualdade obriga á **“implantación dunha linguaxe non sexista** no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas.” Utiliza unha linguaxe sexista e excluínte que invisibiliza a muller como alumna, como docente, como cargo directivo e como nai ou titora do alumnado; o 67% dos cadros de persoal dos centros educativos son mulleres.

O borrador **modifica** o artigo 84.3 da LOE sobre admisión de alumnado en centros públicos e privados concertados ao introducir a consideración de que “non constitúe discriminación a admisión de alumnos ou a organización diferenciada por sexos” e non respecta as distintas sentenzas do Tribunal Supremo que recollen a xustificación legal de retirar a subvención pública a centros concertados por incumpriren dito artigo sobre admisión de alumnado, que **prohibe expresamente a discriminación por razón de sexo**.

O borrador tamén **fai desaparecer** a materia Educación para a Cidadanía,

que integraba dentro dos seus núcleos temáticos fundamentais a Igualdade efectiva entre homes e mulleres. Desaparece tamén Educación Ético-Cívico quedando eliminadas ou reducidas do currículo aberto de primaria e secundaria as únicas materias que de forma directa introducían esta temática e que respondían ao principio de **fomentar, desde o ámbito educativo, a Igualdade efectiva entre homes e mulleres, e eliminar, no proceso de socialización temperá, a lacra da violencia de xénero**.

Este anteproxecto de lei, que vai xa no terceiro borrador feito unilateralmente, sen consultar nin facer partícipes ás partes implicadas (profesorado, alumnado, familias, anpas, consellos escolares,...a comunidade educativa no seu conxunto, en definitiva), é unha verdadeira contrarreforma do sistema educativo actual cunha clara carga ideolóxica retrógrada, baseada no neoliberalismo e no ultraconservadorismo.

Dende a Asemblea de Mulleres do STEG rexeitamos abertamente este anteproxecto e seguimos apostando, traballando, loitando e defendendo a Coeducación e a Igualdade no Ensino Público, Galego e de Calidade; reivindicamos o cumprimento da Lei de Igualdade explícita dentro do currículo, o uso dunha linguaxe inclusiva e a eliminación de calquera tipo de discriminación.

Esiximos a retirada deste borrador e da subvención pública aos centros que segregan por sexo.

Esiximos **COEDUCACIÓN!!**

Material coeducativo

Desde a Asemblea de Mulleres continuamos a elaborar, curso a curso, materiais de coeducación e igualdade, que despois distribuímos nos centros para o profesorado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Preparamos actividades didácticas para o 25 de Novembro e o 8 de Marzo, que sirvan para sensibilizar ao alumnado e visibilizar a discriminación que sufrimos as mulleres.

Publicamos o calendario “Tempo de Mulleres, Mulleres no tempo”, que dedicamos este ano 2013 ás mulleres creadoras de arte:



pintoras, escultoras, arquitectas, músicas, fotógrafas, cineastas, actrices, novelistas, poetas, artistas circenses, da danza e da maxia.



Tamén podedes contar coas exposicións de Infantil, Primaria e Secundaria que temos nas nosas sedes para emprestar aos centros, coas que pretendemos dar a coñecer as achegas de numerosas mulleres ao longo da historia.

<http://www.stegsindicato.org/muller/index.asp>

COLABORACIÓN

O PAPEL DAS MULLERES NAS ANPAS

No momento do nacemento dun fillo ou filla, comeza unha etapa na nosa vida dunha continua viaxe chea de emocións e aventuras. Refírome á educación dos nosos nenos e nenas.

Hai un dito que refire “Cando nace un neno vén con un pan debaixo do brazo”. E as nais dicimos “vén con un libro en branco que temos que cubrir”.

Na etapa escolar enterámonos que hai unha ANPA, facémonos socias e logo, case sen darnos conta, estamos inmersas na súa actividade.

E claro, como sempre, cando nos implicamos en algo, o facemos a fondo. Xestión de comedores, levamos a parte administrativa, becados, interlocución coa empresa de cáterin, especialistas en dietas, practicamos psicoloxía, mediamos en conflitos, traballamos a interculturalidade, buscamos terapias ...

Xestionamos as actividades, música, pintura, cociña, baile, xa somos expertas en deporte, nos materiais, torneos, ligas, tipos de céspede, festa de fin de curso, formación ás nais e país do centro, leis educativas tendo que estudalas, valoralas, interpretalas, participamos nos consellos escolares, comisión de convivencia, económica, programación, seguros escolares, poderíamos traballar nunha asesoría ...

As nais que participamos nas xuntas directivas de ANPAS descubrimos que hai unha profesión nova que abarca moitas: a de “Anperas”.

E cando damos un paso cara adiante e participamos na Federación xa pasamos a ser periodistas, interlocutoras coa administración, participación en foros, ponentes en mesas redondas, formación continua, etc.

En definitiva, as nais (mulleres valentes e decididas) participamos activamente nas ANPAS. Este tempo invertido é un tempo que, indubidablemente, restamos ao noso quefacer cotiá (á familia, amizades, hobys ...), pero é un tempo cualitativo, altruísta e desinteresado, no que traballamos para o grupo, para todos os nenos e nenas dos centros educativos, garantindo que os dereitos dos nosos fillos e fillas estean protexidos. Defendemos a sociedade futura da que os protagonistas serán os actuais escolares, estudantes e universitarios.

Está nas nosas mans garantir que se protexan os seus dereitos, que accedan a un sistema educativo consistente, moderno, universal e flexible aos cambios que a sociedade demanda.

Potenciamos a convivencia na comunidade escolar, coas/cos mestres/as, coas/cos alumnos/as, coas nais e os pais, coas administracións. Esta convivencia enriquecéonos persoalmente e motívanos para continuar nesa loita diaria.

Paga a pena o tempo invertido. Este é a semente que xerminará con raíz profunda, que soportará ventos e tempestades.

Bertila Fernández Pérez

Voceira de FOAMPAS

MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES.

En marcha tamén este marzo de 2013

Na Marcha Mundial das Mulleres, seguimos a traballar e tecer alianzas con diferentes movementos sociais, na procura dun outro mundo posible.

A pesar dos duros golpes que levamos sufrido neste ano, dos que nombraremos só o asasinato en París, de tres mozas activistas kurdas, para non facer deste texto unha longa enumeración de dores, temos esperanzas e traballo arreo para achegarnos á nosa utopía.

Destacar como o máis positivo o feito de que no mes de agosto máis de 50 mulleres mozas de 12 países estiveron reunidas nun campamento en Rumanía en agosto, para atoparse e por en común soños, estratexias e demandas.

As participantes participaron en varios talleres sobre temas como ataques contra o aborto, feminicidio e crimes de honra, sexo seguro, autodefensa, política lesbiana, as mulleres e o medio ambiente; a militarización e a paz, e loitas radicais contra a violencia sexual.

MANIFESTO 8 DE MARZO DE 2013

Os dereitos das mulleres son dereitos humanos

Sóbrannos os motivos, para seguir conmemorando o Día Internacional das Mulleres, porque os dereitos das mulleres, os nosos dereitos, tamén son dereitos humanos.

Desde 1977, ano en que se celebra no estado español por primeira vez o 8 de marzo, ocorreron feitos importantes: aprobamos unha Constitución que recoñece a igualdade ante a lei entre homes e mulleres, como un dos principios do ordenamento xurídico. Temos acceso á educación, somos responsábeis legais das nosas vidas, méritos e circunstancias. Conseguimos regular a decisión de parir con liberdade, sen nos sentir culpábeis e sen que sexamos percibidas pola sociedade como delinquentes e amorais. Aprobamos unha lei de Igualdade que obriga a todas as institucións a equiparar as nosas condicións laborais e profesionais. Sóbranos a preparación para estar nos órganos de poder dos distintos organismos. “Somos nomeadas”. Atrás quedou a invisibilidade, a suplantación nominal; transgredimos a patriarcal orde histórica establecida, formamos redes que nos converten nunha irmandade consciente dos obxectivos futuros, e relegamos ao pasado próximo o silencio da morte metafísica coa que se nos ignorou. Pero a realidade deste momento, lexitimada polo actual goberno do PP, mediante a súa reaccionaria política neoliberal, escrava do poder fáctico (capital), despreza os avances conseguidos e paraliza o avance na consecución da Igualdade, principio constitucional máximo.

Analizados os efectos da crise estatisticamente, non nos mostran o auténtico problema de perda de dereitos da muller. Estes datos, certamente son arrepiantes e evidencian as consecuencias que están a deixar na poboación, en toda ela, pero dentro dos distintos colectivos, o grupo das mulleres, transversal e presente en todos os demais, é o colectivo que, sen ningunha dúbida, está a perder maiores dereitos. Fóra das cifras da crise, están as experiencias persoais, o drama humano de todas aquelas mulleres que vemos

Nas asembleas xerais, organizaron a súa vida común e unha axenda de loitas comúns e sobre a axenda da MMM, como a campaña europea contra a débeda e a austeridade.

O sábado, 11 de agosto, fixeron unha manifestación no centro de Targoviste, que incluía espectáculos, batucadas e consignas dos diferentes países presentes. Xóvenes activistas da Marcha Mundial das Mulleres en Kenia, Filipinas e Túnez non puideron asistir ao campamento porque lles negaron a visa. Denunciaron á Europa-fortaleza e o seu réxime de inmigración, que favorece a trata de mulleres para servir sexualmente aos homes e a súper explotación do seu traballo.

Como principio básico destacamos un anaco do seu manifesto: “Afirmamos que nós, mozas feministas de Europa e do mundo estamos traballando para destruír o noso sistema, superar prexuízos e traballar nas nosas sociedades, que están influenciadas por ideoloxías racistas e patriarcales, para

atopar novas maneiras nas que todos os seres humanos poidamos vivir libres da violencia e da opresión”.

Nesta liña, as que non somos tan mozas, estamos a desenvolver unha campaña en toda Europa baixo o lema A débeda dos gobernos é coas mulleres, non cos bancos”, dende o 17 de outubro ata o 8 de marzo.

Entre as diversas accións xa realizadas no marco da campaña, destacar a realización dun vídeo que recolle o testimonio de mulleres sobre como mudou a súa vida coa Crise. Tamén se recolle unha protesta feminista anti-austeridade impulsada pola Cordenadora Nacional de Portugal. Esta campaña está construída en alianza con outros movementos sociais e organizacións como o CADTM. Outro paso foi a construción dun documento sobre a situación das mulleres de diferentes países de Europa, como resultado das respostas políticas dadas á crise, onde reivindicamos os nosos dereitos e as nosas alternativas.

Máis info en:

<http://www.feminismo.info/webgalego/>

realidade, e volve a someternos á tutela masculina que tomará parte na nosa decisión, responsábel, de parir cando o decidimos; así pretende volver a unha regularización do aborto que nos considera inconscientes, inconstantes e inmaduras nas nosas determinacións sobre o noso corpo e as nosas aspiracións ou realizacións como mulleres. Todo iso, desprezando o marco constitucional no que o actual modelo regulador do aborto foi desenvolvido, froito da negociación e do pluralismo político e moral da nosa sociedade, tendo en conta, soamente, a opinión dun sector, o dos bispos, e o dunha moral concreta que non representa nada máis que a unha parte da poboación e que non aprecia máis criterios que os teolóxicos, ignorando outros criterios de tipo xurídico, sanitario ou científico.

Sufrimos, abraidades, os resultados dos recortes na sanidade pública, vendo como se priorizan intereses económicos fronte ao dereito á saúde e se eliminan do protocolo médico determinadas probas de prevención de enfermidades, probas que resultan vitais para a detección de patoloxías exclusivamente femininas.

Por último, moitas de nós seguimos sufrindo a diferenza salarial, a barreira psicolóxica da conciliación ante o acceso ao traballo, a descarnada sexualización por parte dos medios publicitarios e a adxudicación do ámbito privado como se se tratase dunha herdanza xenética da muller.

Pero as mulleres nesta crise e con elas a Asemblea de Mulleres do STEG, non desesperamos, nin caeremos na desidia que o presente impón á nosa loita. Porque nos sobran os motivos para seguirmos loitando, para que os nosos dereitos sexan respectados e considerados de forma efectiva. Porque, sabemos, estamos preparadas e convencidas de que a forza da razón imporá a Igualdade como ética do futuro, e temos a vontade de loitar por estes dereitos antes, durante e despois da crise, ata o seu logro pleno, porque os dereitos das mulleres son dereitos humanos e viceversa.

Somos moito máis do que podemos ser.

POLOS DEREITOS DAS MULLERES!!